

## ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

### ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

### CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M<sup>a</sup> ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M<sup>a</sup> GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGUEL ALVES LAGO

### SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 18:00 do día 27 de decembro de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en segunda convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 29 de novembro de 2018.
2. Toma de posesión por parte do Concelleiro D. Xosé Lois Leirós Gude.
3. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes novembro de 2018.
4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP de “Actuacións urxentes no Parque da Coca e na súa contorna”
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE en relación co financiamento das entidades locais.
7. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
8. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
9. Rogos e preguntas.
10. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE NOVIEMBRE DE 2018.**- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 29 de novembro de 2018.

Dáse conta da existencia dun erro na citada acta ao figurar como asistente D. Xavier Ríos González, cando non asistiu á mesma por ter presentado a renuncia ao cargo de Concelleiro.

Coa rectificación indicada queda aprobada por unanimidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **2.- TOMA DE POSESIÓN POR PARTE DO CONCELEIRO D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE:**

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2018, do seguinte teor:

Pola Sra. Secretaria dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor do Concelleiro D. Xosé Lois Leirós Gude por estar incluído na lista de candidatos, presentada polo Grupo do BNG ás eleccións Locais de 24 de maio de 2015, en substitución e por renuncia de D. Xabier Ríos González.

Así mesmo faise constar que presentou a correspondente declaración de causas de posible incompatibilidade e actividade e de bens patrimoniais.

Procede que o Sr. Leirós Gude xure ou prometa acatamento á Constitución coa finalidade de tomar posesión do cargo de Concelleiro.

A Comisión queda sabedora.

Procédese a chamar ao Sr. Concelleiro para que realice a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo esta fórmula, empregando a seguinte expresión:

**Por imperativo legal prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ó Rei, gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado.**

O Sr. Alcalde imponse a medalla da corporación ao novo Concelleiro e dálle a benvinda no nome da Corporación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **3.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVEMBRO DE 2018:**

Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:**

#### **Nº DESCRICIÓN**

- 1 Orde representación e defensa dos intereses exercida por letrado en procedemento xudicial
- 1 Iniciación vía executiva de cobro de recibos adebedados a Espina y Delfin SL

### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE NOVEMBRO DE 2018:**

#### **Nº DESCRICIÓN**

- 1 Concesión de desestímulo tramitación expediente legalización de rótulo
- 1 Concesión de desestímulo tramitación expediente ocupación vía pública mesas e cadeiras
- 4 Aceptación desestímulo e arquivo de expediente comunicación previa apertura de establecemento
- 4 Aceptación desestímulo tramitación comunicación previa para licenza de obra
- 2 Concesión de licenza de segregación
- 1 Concesión de licenza para entrada de carruaxes
- 5 Aceptación comunicación previa e documentación para apertura de establecemento – cambio de actividade

- 9 Aceptación de comunicación previa e documentación adxunta para cambio de titularidade e/ou desenvolvemento de actividade
- 1 Concesión de licenza de obra menor
- 1 Aceptación cambio de titularidade comunicación previa obra menor
- 9 Concesión de licenza para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
- 2 Concesión de segunda prórroga para execución de obras
- 3 Concesión de licenza de obra de canalización para instalacións
- 1 Aceptación renuncia expediente de comunicación previa apertura de local
- 1 Concesión de licenza para instalación de terraza vinculada a establecemento de hostalería
- 2 Concesión de licenza para instalación de valado provisional de obra
- 1 Concesión de licenza para cambio de rotulación en rotulo existente
- 7 Concesión de licenza para obra maior
- 38 Aceptación de comunicación previa para obra menor
- 10 Concesión de licenza de legalización
- 1 Conformidade a proxecto de execución
- 1 Declaración ineficacia de comunicación previa
- 18 Concesión/denegación exención de imposto sobre vehículos de tracción mecánica
- 7 Concesión/denegación bonificación de imposto sobre vehículos de tracción mecánica
- 1 Desestimación solicitude de redución importe certificados expedidos
- 1 Estimación reclamación contra facturación taxa de sumidoiros
- 1 Desestimación reclamación contra facturación taxa de depuración
- 3 Desestimación/estimación reclamación contra facturación taxa ocupación vía pública
- 1 Desestimación solicitude baixa taxas municipais inmovible
- 3 Estimación solicitudes de baixa Padrón Comercios e Industrias
- 1 Estimación bonificación taxas municipais
- 1 Comunicación a interesado regulación Ordenanza Fiscal Reguladora expedición de certificados
- 1 Desestimación de recurso de reposición contra liquidación taxa depuración
- 3 Estimación solicitude de unificación de taxas inmovible
- 2 Estimación solicitude de baixa de rótulo
- 2 Estimación solicitude de baixa de entrada de carruaxes
- 1 Imposición multa coercitiva por incumprimento de resolución
- 2 Reiterar resolución presentación informe-ditame de seguridade
- 3 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 2 Nomeamento Comisión de Selección promoción interna prazas
- 2 Dedución proporcional haberes por ausencias inxustificadas do posto de traballo
- 3 Concesión de gratificación especial por substitución temporal posto de traballo de nivel superior
- 4 Nomeamento de Funcionario/a interino/a
- 1 Aboamento a Policía servicios extraordinarios horas traballadas no Concello de Cambados
- 1 Aboamento na nómina do mes de novembro de 2018 a persoal en activo importes correspondentes a incremento adicional 0,3% previsto na LPXE 2018
- 1 Recoñecemento e aboamento e nómina de servizos en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento e nómina de gratificación por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento e nómina de servizos en xornada nocturna
- 1 Asignación temporal funcións e tarefas sen arma a axente de Policía Local
- 1 Aprobación de gasto correspondente a aportación ao Plan de Pensións do mes de outubro de 2018
- 6 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 21 Desestimación de alegacións en expedientes sancionadores de tráfico
- 8 Desestimación de recurso de reposición en expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Estimación de recurso de reposición en expediente sancionador de tráfico
- 13 Declaración de sob resemento de actuacións en expedientes sancionadores de tráfico
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 11 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos

- 3 Orde de cambio de titularidade no Catastro Inmobiliario de fincas
- 1 Autorización actuación DJ ao aire libre
- 12 Concesión/denegación de fraccionamento de débeda
- 1 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Renuncia parcial a subvención concedida para investimento Mellora da Escola Infantil Municipal
- 1 Aprobación de xustificación de subvención concedida á Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía
- 4 Recoñecemento de obriga
- 4 Orde de pago de facturas
- 1 Comunicación titularidade de vehículo
- 5 Orde representación e defensa dos intereses exercida por letrado en procedemento xudicial
- 1 Aprobación de gasto relativo a taxa por publicación anuncio no BOP

**TOTAL: 270**

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE “ACTUACIÓN URXENTES NO PARQUE DA COCA E NA SÚA CONTORNA”:** Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de decembro de 2018, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de decembro de 2018 a seguinte MOCIÓN:

“Actuacións urxentes no Parque da Coca e na súa contorna”

#### EXPOÑEN

A Asociación de Veciños Fonte da Coca leva tempo demandando unha serie de actuacións e melloras no parque da Coca e no entorno da Avenida das Carolinas. Os residentes da zona, por medio deste colectivo veciñal, trasladan a súa preocupación en áreas como a seguridade cidadá, a falta de iluminación, a falta de mantemento e limpeza ou o transporte e a mobilidade, máis alá das queixas polo escaso alumeadado de Nadal que teñen actualmente.

Na última xuntanza mantida con eles, este partido deu o seu compromiso de elevar ó debate público un paquete de medidas que non están a ser atendidas. A primeira delas ten que ver co estado de abandono do parque infantil situado no parque da Coca. A superficie deste enclave infantil segue a ser de pedra/area, un material que empezou a ser substituído dos parques infantís vilagarcíans pero que neste enclave, coma noutros da cidade, perdura, a pesar da oposición veciñal e das numerosas queixas dos usuarios e os seus proxenitores. Esta asociación, de recente creación, demanda que o chan deste parque sexa substituído por un de caucho ou material similar, o que ademais de mellorar o uso do mesmo, eliminaría o problema de suciedade que existe actualmente e que desaconsella a súa utilización por parte dos máis pequenos.

Dentro deste parque existen ademais elementos de xogo que precisan dun arranxo urxente ou mesmo da súa reposición.

A estrutura de madeira que cubre o parque infantil está afectada e pode xerar unha situación de risco serio para a integridade física das persoas. Os veciños esixen celeridade na actuación de reparación porque o perigo é manifesto e a comprobación visual in situ confirma ese temor da veciñanza.

Os usuarios do parque solicitan tamén que se leve a cabo unha campaña de limpeza e mantemento dos elementos e mobiliario que o conforman, xa que o seu estado de abandono actual desaconsella o seu uso. As queixas son constantes, pero o certo é que últimamente aumentaron, tanto en número como en intensidade. Así, as mesas e bancos precisan dunha posta a punto, a maleza invade distintas zonas a hai presenza de lixo e deposicións de animais na meirande parte das zonas.

Sobre a seguridade cidadá, tanto os residentes como os donos dos negocios da zona claman porque se resolva a sensación de inseguridade que padecen. Para traballar nesta liña demándanse máis e mellores puntos de luz na contorna do parque e nas rúas adxacentes e unha maior presenza de axentes da Policía Local, especialmente nas horas nas que non hai luz do sol, que nesta época do ano son moitas.

A iluminación ten ademais máis peticións asociadas, especialmente nas inmediacións dos pasos de peóns, agora que esta zona está sobrecargada de tráfico rodado e que os dispositivos instalados non iluminan de maneira correcta toda a rúa e as beirarrúas. A isto hai que engadir a proposición de reforzar as medidas de seguridade vial na zona e a reposición de sinais como o retirado no paso de peóns da rotonda de Luz Salgada.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

#### SOLICITA

- Que o Concello de Vilagarcía acometa, de maneira inminente atendendo as peticións veciñais, un paquete de actuacións no parque da Coca e no seu entorno:
  - o Substitución do chan do parque infantil por caucho ou material similar.
  - o Reparación e acondicionamento dos elementos de xogo do parque infantil.
  - o Reparación da estrutura de madeira que cubre o parque infantil, por presentar risco para a seguridade dos usuarios.
  - o Limpeza e mantemento dos elementos do parque e da súa contorna así como da maleza existente.
  - o Melloras na iluminación e maior presenza policial para combater a inseguridade cidadá que denuncia os veciños.
  - o Incremento das medidas de seguridade vial e reposición de sinais.

Elena Suárez – Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP de “actuacións urxentes no Parque da Coca e na súa contorna”.

Polo Grupo Municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda:

- Instar ao Departamento de Augas de Galicia a acometer as actuacións necesarias para a prevención de inundacións no Río do Con e dar traslado deste acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e aos voceiros dos Grupos do Parlamento de Galicia.

- A Sra. Suárez Sarmiento indica que o grupo municipal do PP non acepta a emenda.

Sometida a votación a moción do grupo municipal do PP polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (7), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (7),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e -que o Concello de Vilagarcía acometa, de maneira inminente atendendo as peticións veciñais, un paquete de actuacións no parque da Coca e no seu entorno:

- o Substitución do chan do parque infantil por caucho ou material similar.
- o Reparación e acondicionamento dos elementos de xogo do parque infantil.
- o Reparación da estrutura de madeira que cubre o parque infantil, por presentar risco para a seguridade dos usuarios.
- o Limpeza e mantemento dos elementos do parque e da súa contorna así como da maleza existente.
- o Melloras na iluminación e maior presenza policial para combater a inseguridade cidadá que denuncia os veciños.
- o Incremento das medidas de seguridade vial e reposición de sinais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE EN RELACIÓN CO FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.:**

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 19 de decembro de 2018, do seguinte teor:

O Grupo municipal dos Socialistas de Vilagarcía de Arousa de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten a súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional.

Algunhas administracións galegas, concretamente algunhas Deputacións Provinciais, unificaron os antigos plans de investimentos e en convocatorias únicas anuais que permiten aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, adoptando para a distribución dos mesmos criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

Esta decisión demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a administración.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu “a dedo” e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades.

5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva.

Vilagarcía de Arousa, 19 de decembro de 2018

Asdo. Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE en relación co financiamento das entidades locais.

Polo Grupo Municipal do BNG presentase a seguinte emenda:

1.- Modificar o punto 1 polo seguinte:

Demandar do goberno central que se reforme o sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE) de xeito que se integre o financiamento dos entes locais nos orzamentos da Xunta de Galiza, para o cal se elaborará unha lei de financiamento dos concellos galegos, consensuada coa Fegamp, que inclúa a ampliación do Fondo de Cooperación Local e será onde se aglutinarán os recursos procedentes da transferencia da PIE.

2.- Supresión do punto 5º.

- A Sra. García Sanmartín indica que o grupo municipal do PSG-PSOE non acepta a emenda presentada.

Sometida a votación a moción do grupo municipal do PSG-PSOE polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7), EU (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), dúas abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do BNG (2), e sete votos en contra, dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7).

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e insta ó Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades.

5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **7.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron



Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **8.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**9.- ROGOS E PREGUNTAS.** Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **10.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.**

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20181227&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:45 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.